



A primeira canle temática dedicada ao surf para gozar das ondas sen moverse da casa

R aumenta a súa oferta de entretemento dende o fogar coa incorporación de *Surf Channel*

- ***Esta incorporación únese ás diferentes iniciativas do operador para aumentar a súa oferta de entretemento durante o confinamento.***
- ***A canle, que inicia as súas emisións hoxe, 14 de abril, poderase ver en todos os fogares dos clientes de R no dial 75 da grella***
- ***Ademais, R preparou un especial dedicado ao surf con contido exclusivo dispoñible no seu servizo rebobina para clientes da tele de R***
- ***Desta maneira, R quere facilitarlles o lecer ás familias, pois nestes momentos o consumo medio diario de televisión é de 5,4 horas diarias, un 45 % máis do habitual.***

Martes, 14 de abril de 2020. R incorpora á súa grella de programación desde hoxe, 14 de abril, unha nova canle: ***Surf Channel***, a primeira canle temática dedicada ao surf, *skating*, *snowboarding* e deportes semellantes. A programación da nova canle de televisión pode verse no dial 75 de R e vén enriquecer a completísima proposta de contidos con máis de 90 canles que xa emite o operador galego.

Esta incorporación á grella de R chega en plena crise do COVID 19, que deixou moitos amantes do surf fóra da auga e das competicións nacionais e internacionais. Un confinamento ao que acompañará agora unha programación con 24 horas de documentais, películas e programas deportivos e de actualidade.

En aberto e con contido exclusivo en rebobina

Dentro das iniciativas levadas a cabo estes días polo operador para dotar de máis entretemento a súa grella televisiva, os clientes de **R** poderán coñecer en aberto e de forma gratuíta toda a programación de *Surf Channel*.

R tamén preparou un especial dedicado ao surf con contido exclusivo para os seus clientes de tele no servizo **rebobina**. Unha completa selección composta por unha vintena de títulos relacionados con este deporte e o mundo que o rodea.

Canles de televisión gratuítas e servizo de televisión en liña para persoas hospitalizadas

O operador galego lanzou nos últimos días algunhas medidas co obxectivo de axudar os seus clientes, como a emisión gratuíta de diversas canles de cine para toda a familia, e da apertura de canles infantís para todos os clientes de televisión, independentemente do paquete contratado, de forma automática sen que teñan que facer nada. Estas canles infantís son Panda, Disney Junior, Disney XD, Baby TV, Nick e Nick Jr. Ademais, como axuda ao público máis novo que está a estudar nas súas casas, incorporou en **rebobina** o Especial de Canle Historia con máis de 25 programas históricos que ensinan de forma entretida, dirixidos en especial aos estudantes, que nestes momentos non poden acudir aos seus centros educativos.

Ademais das canles de televisión gratuítas, **R** abriu a TV Total no seu servizo de televisión en liña **tv comigo**, para que, tanto os clientes como os non clientes que lamentablemente teñan que pasar estes días en centros hospitalarios, poidan acceder aos mellores contidos de televisión. Desta forma, pon en común e dá acceso a esta aplicación de forma gratuíta a todos os usuarios que o necesiten. Este servizo en liña de televisión **tv comigo** trata de acompañar as persoas que están hospitalizadas e facerlles máis fáciles de levar estes momentos complicados, pondo á súa disposición máis de 50 canles, miles de contidos baixo demanda e a posibilidade de facer gravacións para ver os contidos máis tarde.

Aumento do consumo de televisión

Con estas medidas, **R** quere facilitar o lecer ás familias, xa que se constatou que nestes momentos o consumo medio diario de televisión é de 5,4 horas diarias, isto é, un 45 % máis do habitual. Ademais, o tempo consumido na oferta de contidos na televisión en directo medrou un 47 % (ata as 4,5 horas diarias) e a oferta de contidos baixo demanda incrementouse un 32 % a respecto de febreiro.

Pola súa banda, os consumos de contidos infantís en televisión aumentaron un 54 %. Coa apertura de canles infantís, **R** puxo o seu gran de area para facerlles máis fácil de levar a corentena aos/ás pequenos/as. A isto haille que engadir que os consumos de contidos de cine para toda a familia aumentaron un 55 %.

Tendo en conta que os patróns de uso destes últimos 15 días son superiores aos habituais, **R**, igual que o resto dos operadores, mantén as súas recomendacións para gozar dunha boa experiencia de servizo:

- Potenciar o uso da telefonía fixa para as chamadas de voz, xa que estamos na casa.
- Usar a rede wifi fixa para acceder a Internet.
- Utilizar ferramentas colaborativas (Skype, Teams, WhatsApp, etc) tamén para as comunicacións de voz.
- Evitar o envío de ficheiros pesados e substituílos por enlaces.
- Descargar os ficheiros pesados nas «horas val» (pouco tráfico)
- Realizar audioconferencias en lugar de videoconferencias.

#EuQuedoNaCasa

R Comunicación
prensa@mundo-r.net
R.gal/euquedonacasa